

Índice de confianza do consumidor. Setembro 2006.

COMUNICADO

Descenso do ICC en 0,7 puntos respecto a setembro de 2005

Baixa o saldo do indicador de confianza do consumidor e sube o saldo do ISC

O Índice de confianza do consumidor (ICC) tralo verán comeza a súa tendencia descendente habitual no segundo semestre do ano e diminúe en 3,5 puntos con respecto a xullo de 2006. Pola contra, o Indicador de Sentimento do Consumidor (ISC) presenta coma sempre un comportamento máis suave aínda que de signo contrario ao ICC, e sube 1,4 puntos con respecto ao dato de xullo 2006.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7


Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Optimismo dos galegos no referente á situación financeira.

Tanto a evolución pasada como as perspectivas de evolución da situación financeira persoal e da nosa Comunidade Autónoma seguen mellorando sen que pareza influírilles a chegada do outono. Estes saldos son os que fan mellorar o ISC.

O saldo da situación financeira persoal chega aos 3 puntos.

Dende marzo de 2006 xa non é noticia que este saldo sexa positivo mais é a primeira vez que acadada neste ano un valor positivo de 3.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>